



FAITE SOCIO

ASEM Galicia xorde no ano 1995 ante a necesidade de agrupar e axudar as persoas que padecen enfermidades neuromusculares; é membro da Federación ASEM e de ORPHANET (Enfermidades Raras), e colabora con numerosas entidades locais, nacionais e internacionais.

A perda progresiva de forza muscular é o principal síntoma das enfermidades neuromusculares, dexenerativas, hereditarias e actualmente incurables, que agrupan uns 150 diagnósticos. Para a persoa afectada significa un gran coñecemento da problemática da discapacidade e da dependencia. Para mellorar a calidade de vida dos afectados, ASEM asesora en temas socio-sanitarios, fomenta o apoio mutuo, presta servizos, reivindica unha mellor atención pública e integración digna e plena na sociedade. A acción de ASEM implica a mellora da accesibilidade universal e da igualdade de oportunidades.

Para o seu funcionamento, ASEM precisa unha colaboración económica constante. A Asemblea Xeral de 2010 fixou unha cota mínima de socio de **60 euros**.

Cubre e envíanos esta autorización de domiciliación bancaria

Sr./Sra Director/a del Banco / Caixa

Estimado/a Sr./a.: Pídlle que con cargo á miña conta corrente ou cartilla de aforros n.º

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Titular: Sr./Sra.....

NIF (para a desgravación)..... Tel.

Enderezo:..... n.º piso.....

Cidade..... CP..... Provincia.....

E-mail (se o desexas para recibir as nosas noticias)

Teña a amabilidade de cursar as instrucións para que, ata novo aviso, sexan feitos efectivos en concepto de achega voluntaria a ASEM GALICIA (Asociación Galega contra as Enfermidades Neuromusculares), os recibos que a dita Asociación presentará ao meu nome como membro activo por un importe de:

..... € / euros anuais

Mediante (poñer unha cruz no círculo escollido):

- 1 pago ANUAL (xullo)
- 2 pagos SEMESTRAIS (xullo e decembro)
- 1 pago ANUAL (decembro)

Atentamente saúdao/a

SINATURA

Titular da conta

.....de.....20.....

En cumprimento do artigo 5 da Lei 15/1999, polo que se regula o dereito de información na recollida de datos, advírtese dos seguintes extremos: os datos de carácter persoal, que puidesen constar nesta notificación, inclúiranse no ficheiro de nome "Listaxe Xeral de Socios", creado pola Asociación Galega contra as Enfermidades Neuromusculares. Os datos relativos á persoa física que actúa como declarante da notificación, unicamente se utilizarán nos termos previstos nos procedementos administrativos que sexan precisos para a tramitación da correspondente solicitude. Terán dereito a acceder aos seus datos persoais informatizados, rectificalos ou, de ser o caso, cancelalos notificándollos á asociación o escribindo a administracion@asemgalicia.com.

DESGRAVA NO IRPF HASTA UN 75% DA CUOTA*

*Ata os primeiros 150€ en donacións totais realizadas por un donante a todas as entidades suxeitas a la Ley (49/2002)

Sendo declarada de Utilidade Pública (DOG 25/02/2010) e de acordo coa normativa legal, Asem Galicia xa informa á Administración tributaria mediante o certificado correspondente sobre as cotas e donativos achegados polos doantes. (Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado).

E solicita as noticias semanais de Asem Galicia a info@asemgalicia.com



COLABORA

Son moitas as oportunidades de colaboración mutua

Asem

Coas persoas

Afectados e familiares

Son socio, apoio a miña entidade e aprendo moito dela.

Amigos

Os amigos dos meus amigos tamén son socios e transmiten as informacións.

Voluntariado

Xa son máis de 50 os colaboradores habituais en numerosos ámbitos

Coas entidades

Administracións

Nos apoiámonos mutuamente co noso coñecemento e os nosos recursos.

Universidades

Co alumnado en prácticas e cos seus traballos de fin de carreira.

Empresas - RSE

En multitude de opcións económicas e loxísticas, apoiando proxectos.

Temos moitos intereses comúns

A perda de forza muscular
e a nosa experiencia
fannos especialistas
no coñecemento
da discapacidade, da integración,
das axudas técnicas, do apoio mutuo...

Colabora

E desgrava no IRPF ata un 75% da túa achega económica

*Ata os primeiros 150€ en donacións totais realizadas por un donante a todas as entidades suxeitas a la Ley (49/2002)

**ASEM GALICIA Sede Martínez Garrido 21. Interior. 36205 Vigo
Tel VIGO 986 378001 – A CORUÑA 698 178 500
info@asemgalicia.com**